

3.4. construcción

A ANÁLISE DA CONSTRUCCIÓN ESTRUC-
túrase en tres grandes apartados nos que se
presentan, dunha banda, unha primeira
aproximación á situación deste sector a
partires dunha serie de indicadores básicos
como a producción, o emprego, a lici-
tación pública por data de apertura, a pro-
ducción e consumo de cemento, e a cons-
trucción de vivendas.

Para a análise destas variables, as
fontes de información empregadas son a
Contabilidade Trimestral de Galicia, a
Enquisa de Poboación Activa e Seopan.

Posteriormente, preséntanse os datos
característicos das vivendas en Galicia e a
súa comparación co total estatal (número
de vivendas, superficie, número de edifi-
cios, presupuesto de execución e prezo
medio) a partir dos datos do Ministerio de
Fomento.

Finalmente, analizaranse as variables
económico-financeiras das 3.984 empre-
sas pertencentes ó sector de construcción e
obras públicas segundo a metodoloxía

3.4.1.

Licitación pública de tódalas Administracións 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	447,3	769,7	72,1
Lugo	273,5	195,9	-28,4
Ourense	87,1	279,4	221,0
Pontevedra	508,0	332,8	-34,5
Varias provincias e/ou CC.AA.	1,6	78,0	4.777,5
Total	1.317,5	1.655,8	25,7
España	26.236,2	26.807,4	2,2
G/E (%)	5,0	6,2	

Fonte: SEOPAN

empregada por Ardán (o 29,4% do total de empresas consideradas).

Indicadores básicos da construcción

O sector da construcción, despois da ralentización rexistrada en 2002, presenta en 2003 unha taxa de crecemento real do 3,1% (3,0% no ano anterior) e segue a ser o sector da economía galega que máis crece. Dende unha perspectiva trimestral, a actividade presenta un crecemento praticamente constante ó longo do ano, cunha medra do 3,1% nos tres primeiros trimeses do ano e do 3,3% no derradeiro trimestre (**cadro 1.2.1. PIB galego e español 2002-03: taxas de variación**).

Segundo os datos da Contabilidad Regional do INE, o VEB a prezos básicos (prezos correntes) xerado por este sector ascendeu en 2003 a 3.918,1 millóns de euros (9,7% superior ó do ano 2002), o que representa o 5,8% do total xerado polo conxunto do Estado.

A **poboación ocupada** na construcción descendeu no último ano en 4,0 miles de persoas (un 3,0%), acadando as 129,4 miles de persoas en 2002. Comparado co total estatal, a ocupación galega no sector representa o 6,5% da ocupación española na construcción, cinco décimas menos que a estimada no ano anterior.

A **licitación pública** de tódalas administracións por data de apertura de ofertas creceu en Galicia, ó longo de 2003, a un ritmo do 25,7%, sendo esta medra do 2,2% no conxunto do Estado. A licitación pública ascendeu en Galicia a 1.655,8 millóns de euros (o 6,2% do total estatal), dos que 416,6 millóns de euros corresponden á licitación pública en edificación e 1.239,2 millóns de euros, á licitación pública da obra civil.

Comparada coas outras comunidades autónomas, en 2003 Galicia é a sexta comunidade en termos de licitación pública total, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid, Castela A Mancha e C. Valenciana.

No que á desagregación provincial se refire, o **cadro 3.4.1.** amosa que o valor territorializado da licitación pública ascendeu a 1.577,8 millóns de euros, dos que un 48,8% (769,7 millóns de euros) corresponden a provincia de A Coruña, e un 21,1% a Pontevedra (332,8 millóns de euros). Comparado co ano anterior, as provincias de A Coruña e Ourense son as que presenta unha medra da licitación respecto ó ano anterior, sendo de 322,3 millóns de euros (un 72,1% máis) no primeiro caso, e de 192,4 millóns de euros (221,0% máis) no segundo caso.

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 3.4.2.**, a licitación oficial na

3.4.2.

Licitación pública (1) de todas las Administraciones nas CC.AA. 2003: distribución segundo tipo de obra

Vivienda	Equipamiento Social			Transportes			Urbanización			Hidráulicos			Resto Edificación			Reparaciones			
	Total	% TotC.A.	Dormitorios	% TotC.A.	Sanitarios	% TotC.A.	Deportivos	% TotC.A.	Varias	% TotC.A.	Total	% TotC.A.	Administr.	% TotC.A.	Industrials	% TotC.A.	Terminais	% TotC.A.	
Andalucía	178,2	5,5	58,0	18,0	91,2	2,8	64,3	4,3	288,4	8,9	121,3	3,7	57,3	1,8	47,3	1,5	16,6	0,5	
Aragón	30,6	2,6	68,6	5,8	9,9	0,8	1,2	0,1	28,9	2,5	27,6	2,3	2,1	0,2	14,1	1,2	19,5	1,7	
Asturias	21,9	2,0	60,7	5,5	12,2	1,1	19,8	1,8	5,9	0,5	22,7	2,1	6,1	0,6	4,2	0,4	1,8	0,2	
Baleares	9,8	1,6	67,6	11,1	20,6	3,4	1,6	0,3	4,5	0,7	6,7	0,6	15,7	1,8	2,6	0,4	17,6	1,7	
Canarias	24,5	4,0	117,3	19,0	17,5	2,8	22,7	3,7	17,2	2,8	59,8	9,7	30,4	4,9	14,8	2,4	4,8	0,8	
Cantabria	0,5	0,2	36,1	13,5	8,8	3,3	5,9	2,2	7,0	2,6	14,4	5,4	2,6	1,0	1,1	0,4	1,4	0,5	
Castile e León	26,9	1,2	162,5	7,0	42,9	1,9	28,7	1,2	12,8	0,6	78,1	3,4	117,0	5,0	83,1	3,6	26,6	1,1	
Castile-A. Mancha	72,5	6,9	188,9	17,8	53,3	5,0	75,1	7,1	8,8	0,8	51,6	4,9	15,1	1,4	5,2	0,5	9,3	0,9	
Cataluña	145,3	2,7	88,4	16,6	195,6	3,7	26,4	0,5	54,4	1,0	61,1	11,4	89,3	1,1	23,2	0,4	85,4	1,2	
C. Valenciana	61,2	2,7	43,9	19,2	185,4	8,1	44,9	2,0	42,9	1,9	165,9	7,3	54,0	2,4	32,7	1,4	21,2	0,9	
Estrémadura	17,6	2,6	114,9	16,9	21,9	3,2	59,0	8,7	1,2	0,2	32,7	4,8	18,9	2,8	18,4	2,7	0,3	0,0	
Galicia	41,6	2,5	230,1	13,9	26,9	1,6	17,3	1,0	17,1	0,2	168,8	10,2	102	4,5	39,0	2,4	22,2	1,3	
Madrid	159,7	5,2	1.021,7	33,5	146,0	4,8	23,0	0,8	61,8	2,0	79,0	2,9	403,5	13,2	11,1	0,4	65,4	2,1	
Murcia	9,2	1,7	96,3	17,6	18,8	3,4	8,3	1,5	9,1	1,7	60,1	8,9	8,9	1,6	8,0	1,5	0,1	31,1	
Navarra	5,2	1,0	49,8	9,6	8,6	1,7	3,6	0,7	7,2	1,4	30,5	5,9	20,5	4,0	5,1	1,0	15,4	-	
País Vasco	42,8	4,1	221,4	21,5	43,1	4,2	22,9	2,2	44,5	4,3	111,0	10,8	43,1	4,2	34,9	3,4	7,8	0,8	
A Rioxa	2,8	2,0	9,9	7,0	0,2	0,1	3,5	2,4	4,2	3,0	2,1	1,5	0,5	0,4	0,3	0,4	0,1	0,0	
Ceuta e Melilla	152,0	52,8	73,7	25,6	6,6	2,3	54,4	18,9	-	-	127	4,4	0,1	0,0	-	-	18,6	6,4	
Varias comunidades	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	11,8	1,4	
Total	1.002,3	3,7	4.431,4	16,5	909,4	3,4	482,7	1,8	469,6	1,8	2.869,7	9,6	1.940,6	7,2	351,3	1,3	258,2	1,0	
																1.331,1	5,0	1.484,9	5,5
Total	Estradas			Ferrocarril			Puertos			% TotC.A.			Total Edificación			Total Obras Civil			
	Total	% TotC.A.	Estradas	% TotC.A.	Ferrocarril	% TotC.A.	Puertos	% TotC.A.	Portos	% TotC.A.	Total	% TotC.A.	Administr.	% TotC.A.	Industrials	% TotC.A.	Terminais	% TotC.A.	
Andalucía	1.129,9	34,8	731,5	22,5	181,5	5,6	216,9	6,7	435,6	13,4	616,7	19,0	32,6	3,6	1.068,6	32,9	2.182,1	67,1	
Aragón	249,4	21,2	205,1	17,4	44,3	3,8	-	-	354,9	30,1	384,9	32,6	190,1	16,1	989,2	83,9	3.250,7	1.179,2	
Asturias	847,6	76,8	283,9	25,7	552,0	50,0	11,7	1,1	27,2	6,5	76,3	6,9	107,2	9,7	96,1	90,3	1.103,3	1.103,3	
Baleares	212,5	35,0	205,2	33,8	2,3	0,4	51,1	0,8	59,8	9,6	120,4	19,8	214,3	35,3	392,7	64,7	607,1	607,1	
Canarias	173,1	28,1	124,5	20,2	-	-	48,6	7,9	134,3	21,8	75,0	12,2	234,1	38,0	382,5	62,0	616,6	616,6	
Canarias	131,0	49,1	92,0	34,5	16,8	6,3	22,2	6,3	35,7	13,4	34,3	12,9	65,7	12,6	201,0	75,4	286,7	286,7	
Castile-A. Mancha	1.360,6	58,7	649,5	28,0	711,2	30,7	-	-	301,4	13,3	256,0	11,0	395,1	17,0	1.924,0	83,0	2.319,1	2.319,1	
Castile e León	431,1	40,7	336,4	31,8	94,7	9,0	-	-	104,4	9,9	153,3	14,5	369,2	17,0	688,9	65,1	1.058,1	1.058,1	
Cataluña	2.091,4	39,1	609,0	11,4	1.270,4	23,8	212,0	4,0	627,6	11,7	469,4	8,8	2.166,7	40,3	3.188,4	59,7	5.345,1	5.345,1	
C. Valenciana	803,7	35,2	348,5	15,3	386,1	16,9	69,1	3,0	379,2	16,6	410,5	18,0	689,6	30,2	1.593,3	69,8	2.282,9	2.282,9	
Estrémadura	365,9	53,7	307,2	45,1	58,7	8,6	-	-	54,5	8,0	91,2	13,4	170,1	24,9	511,6	75,1	1.655,6	1.655,6	
Galicia	823,3	49,7	398,8	24,1	371,2	22,4	53,3	3,2	178,6	10,8	237,3	14,3	416,6	25,2	1.239,2	74,8	3.053,7	3.053,7	
Madrid	650,4	21,3	254,5	8,3	395,9	13,0	-	-	353,5	11,6	173,6	5,7	1.876,3	61,4	1.177,5	38,6	547,3	547,3	
Murcia	160,9	29,4	58,8	10,7	78,7	14,4	23,5	4,3	107,1	18,6	133,8	24,4	145,4	26,6	401,8	73,4	519,8	519,8	
Navarra	126,4	24,4	121,5	23,4	4,9	0,9	-	-	120,7	23,3	177,7	34,3	94,0	18,1	424,8	61,9	1.031,0	1.031,0	
País Vasco	231,4	22,4	194,8	18,9	27,2	2,6	9,4	0,9	283,8	27,5	135,5	13,1	380,4	36,9	650,7	63,1	1.409,5	1.409,5	
A Rioxa	21,3	15,1	18,3	13,0	3,0	2,1	-	-	31,8	22,6	56,0	41,2	29,9	21,2	111,1	78,8	-	-	
Ceuta e Melilla	8,3	2,9	0,9	0,3	777,5	90,2	-	-	74	26,9	9,3	8,2	244,3	43,5	85,0	11,8	43,5	287,8	
Varias comunidades	783,9	32,1	16,4	1,9	-	-	-	-	-	-	-	-	56,2	6,5	11,8	1,4	98,6	86,8	
Total	10.612,0	39,6	4.356,7	18,5	4.976,1	18,6	679,2	2,5	3.668,1	13,7	3.668,2	13,7	8.859,3	33,0	17.948,2	67,0	26.807,5	-	

(1) segundas oportunitades

Fonte: SEOPAN

3.4.3.

Licitación pública (1) de todas las Administraciones 2002-03: distribución segundo tipo de obra

Tipo de obra	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2002 (en millones de €)	2003 (en millones de €)	2002 (en millones de €)	2003 (en millones de €)	2002 (en millones de €)	2003 (en millones de €)	2002 (en millones de €)	2003 (en millones de €)
Vivienda	15,0	10,3	-31,1	5,2	5,6	7,1	0,6	22,0
Equipamiento social	45,4	78,3	72,4	138,2	4,2	-97,0	34,3	3558,3
Resto edificación	29,8	20,7	-30,5	2,1	12,3	486,1	5,1	1180,6
Reparaciones	35,8	32,9	-8,3	14,7	5,3	63,7	4,5	23,8
Transporte	240,1	382,9	59,5	73,3	120,3	64,3	35,1	-10,7
Urbanización	67,4	63,7	-5,4	20,8	26,9	29,7	17,7	4,7
Hidráulicas	13,8	180,8	1206,6	19,4	21,3	10,2	16,3	675,0
Total edificación	126,1	142,2	12,8	160,2	27,3	-82,9	17,9	19,6
Total obra civil	321,3	627,5	95,3	113,4	168,6	48,7	69,2	290,0
Total	447,3	769,7	72,1	273,5	195,9	-28,4	87,1	332,8

(1) segundo dato de apertura das ofertas

Fonte: SEOPAN

3.4.4.

Licitación pública (1) das Administracións autonómicas 2003: distribución segundo tipo de obra

Vivienda										Equipamiento social										Reparaciones									
% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Doeñes	% Tot.C.A.	Sanitarias	% Tot.C.A.	Deportivas	% Tot.C.A.	Várias	% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Administr.	% Tot.C.A.	Industriais	% Tot.C.A.	Terminais	% Tot.C.A.	Total xeral										
Andalucía	84,3	83	170,4	18,8	28,9	2,8	39,2	3,9	33,3	3,3	69,1	6,8	15,8	1,6	41,4	4,1	2,0	0,2	48,0										
Aragón	26,4	8,6	183,2	6,0	9,3	3,0	1,2	0,4	-	-	7,8	2,5	0,6	1,7	0,1	0,1	-	-	4,7										
Asturias	21,4	10,0	31,2	14,6	10,6	5,0	19,8	9,3	-	0,8	0,4	0,2	0,1	0,1	0,1	-	0,1	0,0	7,9										
Baleares	4,9	2,2	1,3	0,6	0,1	0,0	1,2	0,5	-	-	15,5	7,0	13,8	6,2	0,6	0,3	1,1	0,5	2,5										
Cantabria	14,5	11,2	38,0	29,4	12,2	9,4	11,3	8,8	3,9	-	3,0	10,6	8,2	3,0	2,3	2,1	1,6	0,9	0,8										
Castilla y León	0,5	0,3	20,0	13,7	6,7	4,6	5,9	4,1	5,6	3,9	1,8	1,2	0,1	0,1	-	-	0,7	-	4,9										
Castilla-La Mancha	54,6	14,3	31,0	34,3	43,6	11,4	55,9	14,6	2,1	0,5	29,4	7,7	4,2	1,1	-	-	-	-	11,1										
Catáuña	8,5	1,6	105,0	189	41,2	7,8	27,0	5,1	4,0	0,7	33,4	6,3	73,8	13,9	51,5	9,7	22,3	4,2	32,6										
C. Valenciana	78,3	3,2	587,1	23,9	172,5	7,0	13,3	0,5	1,0	0,0	400,3	16,3	160,6	6,5	80	0,3	2,2	0,1	150,3										
Estrémadura	13,0	7,7	277,5	30,7	169,3	18,7	43,4	4,8	2,0	0,2	62,9	7,0	24,4	2,7	7,1	1,9	17,2	0,1	47,2										
Galicia	15,7	3,3	83,4	49,7	21,4	12,7	58,6	34,9	-	-	3,4	2,0	5,0	3,0	4,7	2,3	0,2	0,1	8,4										
Madrid	28,8	1,9	846,6	53,9	100,6	6,6	19,8	1,3	6,1	13	64,7	13,5	39,6	8,3	36,1	7,6	2,7	0,6	22,5										
Murcia	8,8	5,1	33,4	19,2	13,6	7,8	6,8	3,9	0,3	0,2	12,7	7,3	46,8	23,0	7,0	0,1	61,2	4,0	33,8										
Navarra	0,1	0,0	13,4	8,2	3,7	2,2	3,2	2,0	-	-	6,5	4,0	1,6	1,0	16	1,0	-	-	4,8										
Páis Vasco	16,0	11,1	57,0	39,4	39,7	27,5	14,2	9,8	0,1	0,1	3,0	2,1	31,1	21,5	30,7	21,2	-	0,4	0,3										
A Rioxa	-	-	5,5	20,0	0,1	0,3	3,5	12,7	-	-	1,9	7,1	0,5	1,7	-	-	0,4	0,1	2,0										
Total	421,4	47	2.530,8	282	666,6	7,8	341,6	3,8	76,0	0,8	1.416,5	15,8	776,4	8,7	181,6	2,0	153,3	1,7	441,6										
Transportes										Urbanización										Total obra Civil									
Total	% Tot.C.A.	Entradas	% Tot.C.A.	Ferrocarris	% Tot.C.A.	Portos	% Tot.C.A.	Hidráulicas	% Tot.C.A.	Total	% Tot.C.A.	Edificación	% Tot.C.A.	Total Edificación	% Tot.C.A.	Total xeral													
Andalucía	427,7	42,1	410,9	40,5	-	-	16,8	1,7	139,4	13,7	86,0	8,5	361,9	35,7	653,2	64,3	1.015,0												
Aragón	32,0	10,4	32,0	10,4	104	-	-	-	139,6	45,5	64,5	21,0	70,8	23,1	236,1	76,9	307,0												
Asturias	83,3	39,0	83,3	39,0	-	-	-	-	30,6	14,4	41,3	19,4	58,2	27,2	155,3	213,4	221,1												
Baleares	182,6	82,6	179,3	81,1	2,3	1,0	1,0	0,5	2,8	1,3	12,2	5,5	23,4	10,6	197,6	89,4	145,2												
Cantabria	33,8	26,1	165	127	-	-	17,3	13,4	11,0	8,5	22,8	17,6	61,9	47,8	52,2	129,4	382,1												
Castilla-La Mancha	101,2	26,5	87,0	59,9	-	-	1,8	1,2	15,9	10,9	3,9	2,7	36,6	25,2	108,6	74,8	591,3												
Castile e Leon	140,9	26,5	101,2	26,5	-	-	-	-	6,8	1,8	60,7	15,9	213,4	55,9	188,7	44,1	310,9												
Catáuña	1.060,0	43,2	307,3	125	740,7	302	12,0	0,5	105,8	199	64,2	12,1	220,5	41,0	313,9	37,3	585,5												
C. Valenciana	193,6	21,4	130,8	14,5	62,8	6,9	-	-	178,7	73	298,9	12,2	913,9	37,3	1.537,6	62,7	903,7												
Estrémadura	20,8	12,4	20,6	12,3	0,2	0,1	-	-	168,2	184	149,1	16,5	394,8	43,7	508,9	56,3	508,9												
Galicia	186,2	39,0	163,6	34,2	0,3	0,1	22,3	4,7	53,8	11,3	48,9	10,2	109,8	35,4	346,1	34,6	167,8												
Madrid	75,0	5,0	45,6	30	29,4	1,9	-	-	114,4	7,6	67,1	4,4	189,0	39,5	288,9	60,5	477,9												
Murcia	43,5	25,0	43,4	25,0	-	-	0,1	0,1	21,5	124	54,4	31,3	1.257,8	83,1	256,4	16,9	1.514,2												
Navarra	120,8	74,2	120,8	74,2	-	-	-	-	3,5	22	15,5	9,5	23,0	14,1	119,3	68,7	173,7												
Páis Vasco	14,3	9,9	-	-	8,9	6,2	5,4	3,8	4,2	2,9	19	1,3	124,0	35,9	139,7	65,9	162,7												
A Rioxa	11,3	41,4	11,3	41,4	-	-	-	-	5,6	20,6	2,5	9,1	7,9	28,9	19,4	144,4	27,2	144,4											
Total	2.855,7	314	1.294,3	21,1	844,5	9,4	76,8	0,9	1.021,8	11,4	1.009,1	11,3	4.121,2	46,0	4.846,6	54,0	8.987,8												

(1) Segundo año de ejecución das ofertas
Fonte: SEOPAN

3.4.5.

Consumo de cemento nas CC.AA. 2002-03

	2002		2003		03/02 (%)
	(en Tm)	(%)	(en Tm)	(%)	
Andalucía	8.296.200	18,8	9.073.133	19,6	9,4
Aragón	1.194.000	2,7	1.217.207	2,6	1,9
Asturias	1.012.100	2,3	1.059.945	2,3	4,7
Baleares	992.600	2,2	993.653	2,1	0,1
Canarias	2.743.100	6,2	2.434.033	5,3	-11,3
Cantabria	486.400	1,1	496.661	1,1	2,1
Castela-A Mancha	1.736.900	3,9	1.834.453	4,0	5,6
Castela e León	2.834.000	6,4	2.927.464	6,3	3,3
Cataluña	6.098.100	13,8	6.438.367	13,9	5,6
C. Valenciana	6.395.000	14,5	6.469.188	14,0	1,2
Estremadura	975.100	2,2	928.837	2,0	-4,7
Galicia	2.763.100	6,3	2.917.657	6,3	5,6
Madrid	4.006.000	9,1	4.202.232	9,1	4,9
Murcia	1.952.900	4,4	2.557.038	5,5	30,9
Navarra	658.000	1,5	665.736	1,4	1,2
País Vasco	1.452.800	3,3	1.503.493	3,3	3,5
A Rioxá	430.500	1,0	406.287	0,9	-5,6
Ceuta e Melilla	93.100	0,2	97.840	0,2	5,1
Total	44.119.900	100	46.223.224	100	4,8

(1) segundo data de apertura das ofertas

Fonte: SEOPAN

obra civil medrou un 29,3% respecto ó mesmo período do ano anterior, acadando os 1.239,2 millóns de euros en Galicia (o 74,8% do total licitado en Galicia). Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o subsector transportes é o máis importante en canto ó total licitado, acollendo en torno o 49,7% do total licitado en Galicia e o 39,6% no conxunto do Estado.

Na provincia de A Coruña a licitación pública en obra civil ascendeu a 627,5 millóns de euros, un 95,3% máis que en 2002, o que representa o 50,6% do total licitado en Galicia en obra civil e o 81,5% do total licitado na provincia. Ourense licitou obras por un valor de 215,4 millóns de euros (211,5% máis que en 2002), o que representa o 17,4% do total licitado en obra civil en Galicia, sendo a súa porcentaxe sobre o total licitado na provincia do 77,1%.

O total licitado en Galicia no caso da edificación ascendeu a 416,6 millóns de euros, o que significa un incremento do 16,1% respecto ó mesmo período do ano anterior (14,9% no conxunto do Estado). As provincias de A Coruña e Pontevedra acollerón, en conxunto, o 75,2% do total

licitado en edificación en Galicia (142,2 e 134,4 millóns de euros, respectivamente).

No caso da **licitación pública das administracións autonómicas**, o **cadro 3.4.4.** reflicte que a Xunta de Galicia licitou obras por un valor de 477,9 millóns de euros, dos que 288,9 millóns corresponden á licitación pública en obra civil e os restantes 189,0 millóns de euros á obra en edificación. Atendendo á evolución seguida respecto ó ano anterior, Galicia experimenta unha caída do 15,8% mentres que no conxunto das administracións autonómicas a súa licitación descendeu un 5,8%. No caso da obra civil a caída experimentada na administración galega foi do 12,8% fronte ó 20,6% no conxunto das administracións, mentres que a licitación no caso do total edificación experimentou unha caída do 20,0% na comunidade galega, fronte ó incremento 20,7% no conxunto de tódalas administracións autonómicas.

Respecto ó **consumo de cemento**, a diferencia do acontecido no ano anterior, tanto Galicia como o conxunto do Estado presentaron ó longo do ano 2003 unha aceleración no seu ritmo crecemento,

3.4.6.

*Construcción de vivendas en Galicia e España 2002-03**Vivendas iniciadas*

	Galicia			España (1)		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2002	2.739	26.812	29.551	43,9	499,1	543,0
2003	4.833	32.368	37.201	71,6	550,7	622,3
03/02	76,5	20,7	25,9	63,1	10,3	14,6

Vivendas rematadas

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2002	2.571	29.824	32.395	38,9	480,9	519,8
2003	1.772	26.165	27.937	43,6	462,6	506,2
03/02	-31,1	-12,3	-13,8	12,1	-3,8	-2,6

Vivendas visadas

	Galicia			España		
	P.Oficial	Libres	Total	P.Oficial	Libres	Total
2002	1.107	31.915	33.022	50,0	573,1	623,1
2003	2.814	36.165	38.979	54,4	631,3	685,7
03/02	154,2	13,3	18,0	8,8	10,2	10,0

(1) os datos de España están en miles
Fonte: IGE, INE

sendo este máis acusado no caso galego. En Galicia, a consumo de cemento medrou un incremento do 5,6% respecto ó ano anterior (1,6% en 2002) mentres que no conxunto do Estado, esta medra foi do 4,8% (4,7% en 2002). Atendendo ó peso relativo no total estatal, as 2.917,7 miles de toneladas consumidas en Galicia representan o 6,3% do consumido en España (**adro 3.4.5.**).

Datos de vivenda

En canto á construción de vivendas, os datos do **adro 3.4.6.** amosan un aumento no número de vivendas iniciadas (un 25,9% respecto ó ano 2002) e visadas (un 18,0%), namentres que no caso das vivendas rematadas, este descende un 13,8%.

Esta mesma tendencia rexístrase tanto no caso das vivendas libres como das protexidas. Neste último caso, as vivendas visadas e iniciadas medran en Galicia un 154,2% e 76,5%, respectivamente (8,8% e 63,1% no conxunto do Estado), en tanto que as vivendas rematadas, ó contrario do acontecido en España (medra un 12,1%), descenden un 31,1% en relación ó ano 2002.

Os **datos xerais** de vivenda en Galicia recollidos no **adro 3.4.7.** amosan que o número de edificios de nova planta a construír en Galicia ascendeu a 5.325 (4.808 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 5.520 miles de metros cadrados (en edificación residencial 4.801 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír ascendeu a 25.586 (830 máis que en 2002).

Xunto a esta edificación de nova planta, no último ano había un total de 1.413 edificios a rehabilitar (1.120 vivendas creadas en rehabilitación) e 439 edificios a demoler (1.075 vivendas).

En relación ós visados de dirección de obra nova en 2003, o número de edificios ascendeu a 7.149 (un 7,0% inferior á

3.4.7.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2002-03: datos xerais

	Galicia		España	
	2002	2003	2002	2003
Edificación de nova planta				
Edificios a construir	8.111	5.325	146.950	166.275
Residencial	7.390	4.808	131.249	149.501
Non residencial	721	517	15.701	16.774
(en miles m ²)				
Superficie a construir	5.506	5.520	85.757	96.422
Residencial	4.910	4.801	69.486	79.664
Non residencial	596	719	16.271	16.758
Vivendas a construir	24.756	25.586	407.910	469.327
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.458	1.413	27.985	28.773
Vivendas creadas en rehabilitación	713	1.120	14.160	17.365
Obras de demolición				
Edificios a demoler	398	439	12.912	16.195
Vivendas a demoler	841	1.075	16.195	17.844
Total vivendas	24.628	25.631	405.875	468.848

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

3.4.8.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2002-03: obra nova

	Galicia			España		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
			(%)			(%)
Total edificios	7.685	7.149	-7,0	178.823	221.906	24,1
Vivendas	7.133	6.611	-7,3	166.557	208.755	25,3
Servicios comerciais	177	178	0,6	4.757	4.736	-0,4
Outros	375	360	-4,0	7.509	8.415	12,1
(m ²)						
Superficie a construir	5.975.588	7.254.056	21,4	107.390.683	126.172.812	17,5
Vivendas	5.126.327	5.933.100	15,7	85.909.276	102.967.807	19,9
Servicios comerciais	172.054	568.569	230,5	6.435.979	6.885.941	7,0
Outros	677.207	752.387	11,1	15.045.428	16.319.064	8,5
(en miles de €)						
Presupuesto de ejecución	1.577.715,2	1.971.637,8	25,0	31.275.535,2	38.798.256,8	24,1
Vivendas	1.351.177,0	1.633.862,3	20,9	25.468.287,1	31.843.554,4	25,0
Servicios comerciais	29.847,5	138.026,5	362,4	1.390.620,7	1.689.680,2	21,5
Outros	196.690,7	199.749,0	1,6	4.416.627,4	5.265.022,2	19,2

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

do ano anterior) dos que 6.611 corresponden a vivendas, sendo a superficie total a construír de 7.254,1 miles de metros cadrados (un 21,4% máis que en 2002) dos que 5.933,1 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presupuesto de ejecución acadou os 1.971,6 millóns de euros (un 25,0% superior á do ano anterior) dos que 1.633,8 millóns de euros corresponderon a vivendas.

Como reflicte o **cadro 3.4.8.**, en 2003 houbo 178 visados de dirección de obra nova en Galicia no caso do servizos

comerciais, un máis que en 2002, acadando a superficie a construír os 568,6 miles de metros cadrados (un 230,5% máis que no ano anterior). O presupuesto de execución destes servizos comerciais medrou un 362,4% ata os 138,0 millóns de euros.

Respecto ós visados de dirección de obras de ampliación, o **cadro 3.4.9.** amosa que o número total de visados foi de 513 (10 visados máis que en 2002) dos que 370 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír ascendeu a 189.169 metros cadrados, un 13,2% infe-

3.4.9.

Visados de dirección de obras en Galicia e España 2002-03: obras de ampliación e reforma ou restauración

	Galicia			España		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Obras de ampliación						
Total edificios	503	513	2,0	10.177	9.824	-3,5
Vivendas	353	370	4,8	6.545	7.249	10,8
Outros	150	143	-4,7	3.632	2.575	-29,1
			(m ²)			
Superficie a construir	217.961	189.169	-13,2	2.530.328	2.887.208	14,1
Vivendas	86.749	97.321	12,2	893.901	993.232	11,1
Outros	131.212	91.848	-30,0	1.636.427	1.893.976	15,7
			(en miles de €)			
Presupuesto de ejecución	49.893,8	53.272,5	6,8	746.816,2	836.843,4	12,1
Vivendas	23.974,6	30.471,7	27,1	273.493,7	328.377,5	20,1
Outros	25.919,2	22.800,8	-12,0	473.322,5	508.465,9	7,4
Obras de reforma e/ou restauración						
Total edificios	919	1.032	12,3	28.574	30.885	8,1
Vivendas	645	707	9,6	21.031	22.362	6,3
Outros	274	325	18,6	7.543	8.523	13,0
			(en miles de €)			
Presupuesto de ejecución	90.145,9	110.424,2	22,5	1.966.540,0	2.241.396,9	14,0
Vivendas	55.902,2	54.025,1	-3,4	835.070,5	1.015.603,0	21,6
Outros	34.243,7	56.399,1	64,7	1.131.469,5	1.225.793,9	8,3

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

3.4.10.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2002-03

	Galicia		España	
	2002	2003	2002	2003
Nº de certificados				
	3.016	3.781	76.542	86.018
Nº de edificios				
Promotor privado	3.904	4.696	121.363	138.754
Personas físicas e Comunidades de propietarios	3.850	4.648	119.946	137.356
Sociedades mercantil	1.948	2.383	48.509	54.935
Cooperativas	1.818	2.204	67.058	77.249
Outros	10	7	2.104	2.619
Administraciones públicas	74	54	2.275	2.553
	54	48	1.417	1.398
Nº de vivendas				
Promotor privado	20.723	22.174	426.739	459.135
Personas físicas e Comunidades de propietarios	20.622	21.908	423.502	455.569
Sociedades mercantil	3.325	3.649	66.509	74.328
Cooperativas	17.131	17.976	344.283	364.338
Outros	63	122	6.134	9.963
Administraciones públicas	103	161	6.576	6.940
	101	266	3.237	3.566
(en miles de €)				
Valor liquidación da ejecución. Material das obras	942.964,8	1.069.714,9	23.557.999,2	26.693.254,2

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

rior á de 2002, e o presupuesto de execución a 53.272,5 miles de euros, un 6,8% superior ó do ano anterior.

No concernente ós visados de obras de reformas e/ou restauración, o devandito **cadro 3.4.9.** reflicte que concedéronse un total de 1.032 visados, 113 visados máis que no ano 2002. O presupuesto de

execución experimentou un crecemento do 22,5% respecto ó existente en 2002, acadando un valor de 110.424,2 miles de euros.

O **cadro 3.4.10.** recolle a medra do 25,4% experimentada polo número de certificacións fin de obra en Galicia, acadando os 3.781 certificados, o que representa

3.4.11.

Prezos medios do m² das vivendas nas CC.AA. 2002-03

	2002	2003	03/02	90 m ² / RFBD (1)	
	(en €)	(%)		2002	2003
Andalucía	914,97	1.072,44	17,2	8,44	9,51
Aragón	1.013,62	1.141,01	12,6	6,50	6,97
Asturias	985,89	1.097,00	11,3	8,06	8,50
Baleares	1.525,95	1.724,66	13,0	10,17	11,36
Canarias	1.218,04	1.319,89	8,4	10,52	11,10
Cantabria	1.183,22	1.347,45	13,9	8,74	9,53
Castela-A Mancha	681,00	780,17	14,6	5,65	6,23
Castela e León	1.012,56	1.087,29	7,4	7,14	7,24
Cataluña	1.553,95	1.850,92	19,1	9,59	11,15
C. Valenciana	877,26	1.027,95	17,2	6,39	7,29
Estremadura	557,26	615,98	10,5	5,29	5,52
Galicia	800,08	864,11	8,0	6,53	6,69
Madrid	1.973,78	2.485,08	25,9	11,97	14,64
Murcia	747,40	892,69	19,4	6,85	7,94
Navarra	1.290,22	1.454,33	12,7	8,12	8,75
País Vasco	1.900,44	2.140,09	12,6	11,46	12,30
A Rioxá	1.061,41	1.230,60	15,9	6,81	7,61
Total	1.220,93	1.428,16	17,0	8,65	9,47

(1) RFBD= Renda familiar bruta disponible por habitante

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Fomento e Funcas

o 4,4% do número de certificados totais en España. O número total de edificios ascendeu a 4.696 (un 20,3% máis que en 2002), dos que 4.648 corresponden a promotores privados e 48 a administracións públicas. O número de vivendas foi de 22.174 (21.908 corresponde a promotores privados).

No concernente ó **prezo medio** do metro cadrado da vivenda en Galicia, o **cadro 3.4.11.** amosa que este ascendeu a 864,11 euros no ano 2002, un 8,0% superior ó rexistrado no ano precedente. Comparado co total estatal (o prezo medio medrou un 17,0% para situarse nos 1.428,16 euros), o prezo medio da vivenda en Galicia é un 39,5% inferior.

Respecto ó prezo medio existente nas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co menor prezo medio por metro cadrado, sendo superada por Estremadura (615,98 euros) e Castela A Mancha (780,17 euros). Asemade, o devandito **cadro 3.4.11.** amosa que Galicia rexistra o segundo menor crecemento do prezo medio da vivenda, cun 8,0% respecto ó prezo de 2002 (7,4% en Castela e León).

Se consideramos que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, o devandito cadro reflicte que, dada a renda familiar bruta dispoñible, as galegas e gallegos necesitarían un total de 6,69 anos, como media, para pagar unha vivenda. Este tempo é inferior ó necesario polo conxunto de españois como media (9,47 anos), sendo a terceira comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda (Estremadura 5,52 anos e Castela A Mancha 6,23 anos).

Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, este sector está formado no ano 2002 por un total de 3.984 empresas, que presentan un emprego medio de 21 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 2.393,7 millóns de euros. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 29,4% das empresas e xera o 23,9% do VEB a custo de factores.

As actividades más importantes que comprende o grupo, recollidas no **cadro**

3.4.12.

Sector construcción e obras públicas 2002: actividades que comprende o grupo

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en miles de €)				
Extracción de gravas e areas	39	65.201,4	25.542,1	10.109,4	94.873,0
Fabricación de cemento e formigón	110	449.344,4	131.952,8	61.094,2	437.388,4
Fabbr. Ladr., Tellas Y Prod.Terras Cociad. Const.	15	36.882,3	15.536,3	6.056,7	58.875,0
Fabricación de vidrio e productos de vidrio	12	33.705,1	7.091,6	2.074,4	17.422,1
Fabr. Outros ptos para a construcción	10	25.072,1	10.107,4	2.308,5	47.916,1
Traballos de carpintería metálica	349	589.832,0	179.760,9	31.074,0	425.107,8
Promotores de obras	488	1.630.235,2	382.566,3	170.822,6	3.506.359,2
Contratistas xerais	1.170	3.127.173,5	689.200,1	134.175,4	2.424.159,1
Construccions pesadas	76	609.050,0	145.906,0	29.225,5	600.574,2
Instalacions eléctricas	302	418.295,3	155.829,4	17.714,6	281.136,4
Fontanería, calefacción e aire acondicionado	224	282.316,5	92.775,8	10.127,8	175.381,2
Albanilería	111	64.735,5	25.552,8	2.384,7	37.115,9
Traballos de aislamento acústico e térmico	38	36.443,0	12.399,7	1.582,1	20.374,6
Carpintería	75	63.875,3	20.822,4	2.444,9	35.180,8
Acrístalamento e pintura	90	86.151,2	34.665,9	4.077,0	51.617,5
Excavacions e cimentos	86	114.732,4	44.198,4	14.480,1	105.505,6
Traballos de derribo	19	24.278,2	9.023,2	2.639,4	17.835,6
Actividades de revestimientos de solos	89	93.535,7	32.933,7	6.003,2	60.714,3
Outros contratistas especializados	102	183.004,4	73.300,8	9.476,9	116.891,4
Distr. Mai. Materiais para a construcción	265	762.386,3	92.257,1	26.415,7	509.422,1
Distr. Min. Materiais para a construcción	96	100.761,4	16.609,0	2.769,3	59.954,5
Serv. Alquiler e instal. Equipo para constr.	46	87.532,3	35.714,5	12.780,4	115.427,2
Servicios de limpeza e conservación de edificios	43	103.601,3	90.748,8	937,2	47.146,9
Serv. Técnicos arquit. e inxen. e activ. Relac.	129	159.212,2	69.193,1	13.067,1	171.106,3
Total	3.984	9.147.502	2.393.688,0	573.841,2	9.417.485,1
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	29,4	18,4	23,9	21,9	23,2

Fonte: Ardan

3.4.13.**Evolución da actividad no sector construcción e obras públicas 2001-02: ingresos, custos e resultados**

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
Ingresos de explotación	7.527.399,5	100	9.147.510,2	100	21,5
Consumo e outros gastos de explotación	5.414.131,5	71,93	6.753.822,2	73,83	24,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	2.113.268,0	28,07	2.393.688,0	26,17	13,3
Gastos de persoal	1.381.910,2	18,36	1.484.615,4	16,23	7,4
Resultado económico bruto da explotación	731.357,9	9,72	909.072,6	9,94	24,3
Amortizacións	157.679,9	2,09	173.980,9	1,90	10,3
Resultado económico neto da explotación	573.678,0	7,62	735.091,7	8,04	28,1
Resultado financeiro	-107.712,7	-1,43	-124.981,3	-1,37	-16,0
Ingresos financeiros	49.073,3	0,65	49.638,9	0,54	1,2
Gastos de persoal	156.786,1	2,08	174.620,8	1,91	11,4
Resultado de actividades ordinarias	465.965,1	6,19	610.110,1	6,67	30,9
Resultado de actividades extraordinarias	16.627,9	0,22	7.244,6	0,08	-56,4
Resultado antes de impostos	482.593,1	6,41	617.354,7	6,75	27,9
Impostos	157.646,5	2,09	191.927,1	2,10	21,7
Resultado neto do exercicio	324.946,7	4,32	425.427,6	4,65	30,9
Cash-flow	457.615,4	6,08	573.841,2	6,27	25,4

Fonte: Ardán

3.4.14.**Evolución do investimento e do financiamento no sector construcción e obras públicas 2001-02**

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
Activo total	8.810.481,66	100	9.417.485,08	100	6,9
Activo fixo (neto)	1.754.762,38	19,92	2.015.452,72	21,40	14,9
Gastos amortizables	23.732,64	0,27	29.170,24	0,31	22,9
Inmovilizado inmaterial	187.555,34	2,13	231.080,93	2,45	23,2
Inmovilizado material	1.061.891,46	12,05	1.161.962,93	12,34	9,4
Outro inmovilizado	476.274,19	5,41	588.054,91	6,24	23,5
Outro activo fixo	5.308,50	0,06	5.183,90	0,06	-2,3
Circulante neto	7.055.719,28	80,08	7.402.032,36	78,60	4,9
Existencias	3.598.219,61	40,84	3.335.321,06	35,42	-7,3
Debedores	2.747.279,69	31,18	3.260.272,09	34,62	18,7
Tesourería	409.257,37	4,65	450.463,66	4,78	10,1
Outro activo circulante	300.962,69	3,42	355.975,51	3,78	18,3
Fontes de financiamento	8.810.481,66	100	9.417.485,08	100	6,9
Financiamento permanente	3.489.955,39	39,61	4.064.719,48	43,16	16,5
Fondos propios	2.031.714,13	23,06	2.340.442,21	24,85	15,2
Recursos alleos I/p	1.432.603,44	16,26	1.700.787,24	18,06	18,7
Ingresos distribuidos en varios exercicios	25.637,82	0,29	23.490,04	0,25	-8,4
Acreedores a curto plazo	5.320.526,43	60,39	5.352.765,73	56,84	0,6
Fondo de rotación	1.735.192,85	19,69	2.049.266,63	21,76	18,1

Fonte: Ardán

3.4.12., son as de contratistas xerais e as de promotores de obras con 1.170 e 488 empresas, respectivamente. En conxunto, estes dous grupos de actividades xeran o 52,0% do total de ingresos de explotación do sector e o 44,8% do valor engadido bruto a custo de factores.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.25.** (*Sector construcción e obras públicas 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), é A Coruña, que tras un crecemento do 25,9% acada os 445,8 millóns de euros. Séguenlle Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 306,7 e 222,6 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 40,7% do VEB total xerado polas empresas constructoras analizadas.

Respecto á **evolución da actividade: ingresos, custos e resultados**, o **cadro 3.4.13.** reflicte que o ano 2002 foi un bo ano para o conxunto de empresas consideradas ó presentar unha medra do seu resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias superior ó trinta por cento.

O crecemento do VEB a custo de factores e dos ingresos de explotación no ano 2001 foi do 13,3% e 21,5%, respectivamente, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 28,1% de 2001 ata o 26,2% do ano 2002.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.4.14.**, amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 27,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 2.049,3 millóns de euros, un 18,1% superior ó existente no ano anterior. O 72,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o

43,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 24,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 18,7%, cun peso relativo do 18,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 9.417,5 millóns de euros, un 6,9% superior ó valor de 2001, dos que 2.015,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,9% superior respecto ó ano anterior). Os 7.402,0 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 4,9% con relación ó ano anterior.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.24.** (*Sector construcción e obras públicas 2001-02: estudio económico-financeiro*), reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso, respecto ós ingresos, do VEB a custo de factores, e unha caída da relación dos gastos de persoal/ingresos e da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é catro puntos superior, que no caso da evolución do VEB e dos gastos de persoal sobre os ingresos supera os 6 puntos percentuais.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no ano 2002, e seguen a ser superiores ás rexistradas polo conxunto de empresas galegas analizadas. O devandito **cadro C.3.24.** amosa que a rendibilidade económica acadou nese ano ó 6,26% fronte ó 5,82% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 18,91% e do 14,60% no caso das empresas do sector da construcción e no caso global de Galicia, respectivamente. ■

